



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), A ASOCIACIÓN PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCIÓN (APD), A ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CÍRCULO), A ASOCIACIÓN CLUB DE EMPRESARIOS Y EJECUTIVOS DE GALICIA (NORDÉS) E O CLUB FINANCIERO DE SANTIAGO (CFS) PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS DIRECTIVAS

Dunha parte, Dna. Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, **Igape**), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2023).

Doutra parte, D. Santiago Sesto Gontán, en nome e representación da Asociación para el Progreso de la Dirección (en diante, **APD**), con NIF nº G-28197994 e domicilio en Madrid, rúa José Abascal, nº 59. Comparece na súa calidade de director xeral da devandita asociación, en virtude dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Madrid, D. Francisco Miras Ortiz, en data 26 de abril de 2024.

Doutra parte, Dna. María Borrás Borreguero, en nome e representación da Asociación Círculo de Empresarios de Galicia (en diante, **CÍRCULO**), con NIF nº G-36823094 e domicilio en Vigo, calle García Barbón nº 62. Comparece na súa calidade de presidenta da devandita asociación, cargo para o que foi nomeada o 7 de outubro de 2024 na Asemblea Xeral de Socios do Círculo de Empresarios de Galicia, en virtude da aceptación do cargo e dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Vigo, D. Pablo Rueda Rodríguez-Vila, en data 7 de outubro de 2024.

Doutra parte, Dna. Ángeles Ríos Martínez, en nome e representación do Club de Empresarios y Ejecutivos de Galicia (en diante, **NORDÉS**), con NIF nº G-70609656 e domicilio fiscal en 15008 A Coruña, calle Enrique Mariñas, 32 4º. Comparece na súa calidade de presidente da devandita asociación, cargo para o que foi nomeado o 19 de xuño de 2025 na Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios da Asociación Club de Empresarios y Ejecutivos de Galicia, en virtude da aceptación do cargo e dos poderes que lle foron outorgados na devandita Asemblea segundo os Estatutos da Asociación.

Doutra parte, D. Roberto Pereira Costa, en nome e representación do Club Financiero de Santiago, SA (en diante, **CFS**), con NIF nº A-70268164 e domicilio fiscal en 15703-Santiago de Compostela, calle Salgueiriños de Abaixo, 9-baixo. Comparece na súa calidade de presidente do Consello de Administración da devandita asociación, cargo para o que foi nomeado o 14 de xuño de 2022 na Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios, en virtude da aceptación do cargo e dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Santiago, D. Marcelino Estévez Fernandez, en data 8 de xullo de 2022.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

I. Que o Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, e entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Neste sentido, o papel do Igape na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, entre os que destaca mellorar as bases da gobernanza das empresas galegas a través, entre outras accións, da capacitación dos seus órganos de goberno e cadros directivos como chave do éxito e crecemento sostido e sostible das empresas e do tecido empresarial.





II. Para desenvolver este complexo e fundamental eixo, o Igape deseñou un amplo programa de actuacións denominado Plan Capacita, dentro do que, no seu apartado de formación e difusión de tendencias e cultura de empresa, quere desenvolver un programa sistemático de capacitación dirixido aos directivos de empresa galega.

III. Para desenvolver as diferentes liñas de actuación previstas no Plan Capacita, o Igape debe contar, en todo caso, cos colaboradores que considere que poden aportar un valor excepcional á posta en marcha das accións. Con carácter xeral, a busca dos colaboradores axeitados poderase facer mediante pública convocatoria ou ben por singularidade e unicidade dalgunha institución ou organización para un determinado obxectivo.

Na acción obxecto deste convenio o Igape prevé a organización de 12 eventos, e o mantemento no ano 2026 do canal de contidos **CAPACITA DIRECTIVOS WEB-TV**, deseñados para a concienciación e posta ao día dos cadros directivos das empresas galegas, tanto en materia de desenvolvemento integral, como nas diferentes áreas de xestión que poidan incidir na conta de resultados futura das empresas, prestando especial atención á capacitación das persoas.

IV. Que APD é unha asociación sen fin lucrativo que ten como fins sociais promover e realizar o intercambio de coñecementos, experiencias e técnicas de cantas persoas desempeñan nas empresas privadas ou entidades públicas as funcións de alta dirección, goberno ou administración, así como aquelas outras que, por vía de delegación levan a xestión dunha ou varias áreas funcionais das mesmas, co fin de perfeccionar e actualizar a formación dos asociados nas súas actividades específicas, todo elo dirixido ao ben común.

Creada en 1956, APD ten como obxectivo último contribuír ao desenvolvemento profesional e persoal de directivos e empresarios, cara a lograr unha sociedade máis forte, dinámica e preparada para afrontar os retos presentes e futuros.

APD persegue a mellora da función directiva a nivel nacional. Para elo, organiza congresos, xornadas, formacións e actividades de networking por todo o territorio. Ademais, a asociación xera contidos na revista mensual de APD e no portal www.apd.es.

Como asociación sen fin de lucro especializada e sen parangón no eido do desenvolvemento directivo, na capacidade de organización de eventos de alto nivel dirixidos ao progreso da dirección e na capacidade de convocatoria de asistentes: directivos, órganos de goberno e mandos intermedios ás iniciativas que organiza, tras 70 anos identificando tendencias, cómpre salientar algunhas das súas cifras máis relevantes e ilustrativas:

- Máis de 3.000 empresas asociadas en toda España.
- Presenza nos 17 territorios.
- Máis de 200.000 contactos directivos.
- Máis de 41.000 asistentes ao ano aos eventos organizados.
- Máis de 900 eventos anuais a nivel nacional.
- Máis de 2.800 expertos e líderes empresariais participan como relatores.
- Máis de 5.000.000 visitas anuais ao portal.
- Más de 86.000 rexistrados na páxina web.

APD en España presta cobertura ás 17 comunidades autónomas, e o Consello Reitor Nacional está formado por destacados líderes empresariais das principais compañías que operan dentro do territorio nacional.

No caso de Galicia, o Consello de APD na Zona Noroeste está conformado polos máximos responsables de destacadas empresas galegas, representativas dos sectores produtivos de maior peso e relevancia na economía de Galicia. Dentro das capacidades especiais e diferenciadoras de APD están as seguintes:

- Máis de 100 actividades ao ano. Actualidade e tendencias.
- Máis de 5.000 directivos asistentes ás actividades que organiza en Galicia.





- Máis de 700 entidades dos máis de 3.200 socios teñen domicilio ou delegación en Galicia.

V. Que o Círculo de Empresarios de Galicia é a asociación empresarial privada máis destacada do noroeste peninsular que defende os intereses das mulleres e homes da empresa, contribuíndo ao crecemento económico de Galicia e do norte de Portugal. Fundada en 1992, esta entidade de carácter independente e sen ánimo de lucro está integrada por cerca de 500 asociados, entre os que se encontran 350 empresas cuxo volume de negocio supera os 15.000 millóns de euros.

Concibido como punto de encontro de empresarios, directivos e profesionais, o CÍRCULO consolidouse como un foro de reflexión, debate e formulación de ideas e propostas orientadas a contribuír ao crecemento e benestar socioeconómico da sociedade, aportando unha visión estratéxica e global.

Está integrado polas empresas máis importantes de Galicia, pertencentes ás máis diversas actividades económicas, as empresas accionistas caracterízanse por ocupar posicións de liderado nos seus respectivos sectores e mercados. Os seus negocios –empresarios, altos executivos e profesionais– comparten un forte compromiso co progreso social e económico de Galicia.

O Círculo de Empresarios de Galicia forma parte do “Grupo Economía y Sociedad”, fundado no 2006 e integrado por oito asociacións empresariais de diferentes comunidades autónomas –Círculo de Economía (Barcelona), Círculo de Empresarios (Madrid), Círculo de Empresarios Vascos, Asociación Valenciana de Empresarios, Institución Futuro de Navarra, Observatorio Económico de Andalucía e Círculo de Economía de Mallorca–, que comparten a mesma filosofía e que se reúnen con carácter periódico co obxectivo de manter unha canle de colaboración que propicie a toma de posturas públicas comúns na defensa do desenvolvemento económico e a modernización do tecido empresarial de España.

Case medio millar de actividades organizadas pola institución, ás que se suman os actos celebrados polos seus asociados, confirman a esta organización como un punto de encontro de primeiro nivel para as relacións empresariais e a posibilidade de negocios en Galicia.

Os obxectivos do Círculo son:

- Impulsar unha cultura empresarial, emprendedora e dinámica. Soamente dende un tecido empresarial vertebrado e dende unha sociedade civil forte –da que o empresariado é un dos seus sectores mais representativos– pódense impulsar os cambios políticos, sociais, económicos, etc. que a sociedade do século XXI necesita.
- Reforzar o liderado social e económico de Galicia, e impulsar o crecemento e consolidación da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, na que debemos asumir un papel de liderado.
- Ser unha organización de referencia, no que á elaboración de opinión empresarial se refire, para os públicos e as forzas sociais, en todos aqueles temas que afectan ao crecemento económico de Galicia e a Eurorrexión.
- Fomentar, a través dos foros sectoriais, o intercambio de experiencias e a difusión da análise socioeconómica e novas tendencias, co fin de contribuír a propiciar as condicións que favorezan a competitividade das nosas empresas.
- Fortalecer un marco activo das relacións empresariais, que axude ao acceso de novas oportunidades de negocio, que promovan e favorezan a cooperación entre os empresarios, articulando así o sector empresarial de Galicia.

VI. Que a Asociación Club de Empresarios y Ejecutivos de Galicia, NORDÉS, constituíuse como asociación en 2019. En outubro de 2020 iniciou a súa actividade de forma virtual á vez que poñía en marcha a obra da súa sede física en Matogrande (A Coruña) que abriu a súas portas o 28 de outubro de 2021. Hoxe en día, con máis de 200 empresas socias, NORDÉS é unha asociación empresarial





multisectorial privada que aporta continente e contido, nun espazo híbrido onde se integran negocio e vida social/cultural, ofrecendo un espazo de encontro e o desenvolvemento de actividades que responden, de forma efectiva e integradora, os retos do tecido empresarial e profesional do noroeste peninsular.

NORDÉS, ten como obxectivo principal ser unha asociación que fomente a competitividade das empresas e defende os intereses comúns do tecido empresarial e directivo da súa área de influencia baixo o paraugas de valores como:

- Apertura.
- Integración.
- Colaboración.
- Sostibilidade.

Segundo o seguinte decálogo:

- Un Club con sede en Galicia, comprometido con Galicia e solidario co resto dos territorios.
- Un Club para a innovación tecnolóxica.
- Un Club para mellorar a competitividade do tecido empresarial.
- Un Club para promover o emprendemento.
- Un Club que avoga pola igualdade de xénero efectiva nas empresas.
- Un Club transversal, de grandes e menos grandes.
- Un Club activo na organización de eventos presenciais e dixitais.
- Un Club independente, sen vinculación política.
- Un Club que aplica criterios de sostibilidade na xestión empresarial.

VII. Que o Club Financeiro de Santiago é unha entidade de carácter privado que naceu en 2010 co obxectivo de defender os intereses xerais do tecido empresarial galego e, concretamente, da área compostelá. Máis dun centenar de empresarios e profesionais, procedentes de diferentes sectores económicos, conforman o accionariado do CFS, manifestando así o seu compromiso co progreso económico de Santiago, en particular, e de Galicia, en xeral. Configúrase ademais como un centro de negocios e servizos que ofrece apoio aos seus socios no desenvolvemento de actividades empresariais poñendo á súa disposición as instalacións do Club, situadas no edificio Quercus (polígono de Costa Vella). O CFS actúa tamén como un grupo xerador de opinión e impulsor de iniciativas que favorezan o desenvolvemento económico e social da contorna.

Os seus obxectivos fundacionais resúmense en:

- Salvaguardar os intereses de empresarios e profesionais actuando como portavoz das súas demandas.
- Xerar opinión e debate sobre cuestións ou proxectos que afectan o desenvolvemento económico e social da contorna.
- Prestar servizo e apoio aos seus accionistas no desenvolvemento da súa actividade empresarial.
- Contribuír á mellora da competitividade do empresariado galego fomentando a formación de directivos.
- Establecer un marco activo de relacións empresariais co obxecto de detectar novas oportunidades de negocio e promover lazos de colaboración.

En definitiva, o Club Financeiro de Santiago busca ser un instrumento de traballo para os seus socios e accionistas, ofrecéndolles solucións para as súas necesidades do día a día.

VIII. O obxectivo do convenio IGAPE-APD-CÍRCULO-NORDÉS-CFS de impactar nas persoas clave das empresas mediante numerosas accións de formación e difusión do máximo nivel, concorda especificamente coas prestacións habituais de APD, reforzada pola acción conxunta co Círculo de Empresarios de Galicia, a Asociación Club de Empresarios y Ejecutivos de Galicia, o Club Financeiro de Santiago e o Igape, ofrecendo este acordo de asociación a vía única e directa de acadar a cobertura, tanto en número e nivel dos eventos, como en obxectivos de número e perfil de asistentes a captar, podendo conxuntamente IGAPE-APD-CÍRCULO-NORDÉS-CFS, ofrecerlle ás empresas





galegas, e ao tecido produtivo en xeral, enormes posibilidades en aras, por exemplo, de alcanzar maiores economías de escala, coñecer as pautas de xestión e dirección máis novidosas tanto no cumio da empresa como nos departamentos e negociados específicos e así favorecer a diversificación de mercados, os acordos tecnolóxicos ou comerciais, a mellora da notoriedade e diferenciación dos produtos ou marcas e, asemade, entrar en contacto con outros directivos, competidores e non competidores que estimulen e incrementen a eficiencia económica, o desenvolvemento persoal e organizativo e a capacidade competitiva.

Mediante esta colaboración, APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS poderán exercitar en maior medida e cun incremento claro de impactos, a súa actividade en Galicia mellorando así as súas prestacións, en número e calidade, para os directivos e mandos intermedios das empresas galegas. As actuacións complementarán ás iniciativas desenvolvidas entre 2015 e 2025, na que se levaron a cabo a totalidade de eventos previstos. A acollida por parte do tecido empresarial foi moi favorable, cumpríndose deste xeito os obxectivos de asistentes establecidos nos convenios, así como o nivel de satisfacción recollido nas enquisas de control.

Tendo en conta estas consideracións, IGAPE, APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS levarán a cabo, de forma conxunta, a realización de actividades de formación e difusión de claves, tendencias, goberno, dirección, organización e xestión de empresas, cara a incrementar as competencias directivas e así a capacidade competitiva das empresas galegas.

Por todo iso, APD, CÍRCULO, NORDÉS, CFS e o Igape están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre as partes para impulsar a formación e capacitación dos equipos directivos das empresas galegas, fortalecendo as súas competencias estratéxicas e de xestión nun contexto de transformación constante. A iniciativa busca contribuír á mellora da produtividade, competitividade e proxección internacional das pequenas e medianas empresas, con especial atención a ámbitos clave como a integración da intelixencia artificial na toma de decisións, a xestión de modelos de negocio baseados en datos, a economía circular avanzada e a adaptación ao novo escenario global marcado pola dixitalización, a sustentabilidade e a resiliencia empresarial.

Para ese fin, levaranse a cabo 12 eventos con temáticas diversas, abordando os distintos enfoques clave para calquera organización empresarial. Ademais, no ano 2026 manterase en funcionamento o canal dixital "Capacita Directivos Web-TV" como espazo de difusión e aprendizaxe continuo.

Os obxectivos específicos deste convenio, tanto en relación coa tipoloxía e contido dos eventos como cos obxectivos de asistencia e o perfil dos participantes, recóllense nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO CONVENIO

As actuacións de capacitación (formación/difusión) que ambas partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio materializaranse durante o ano 2026, e desenvolveranse nos seguintes eidos:

- **AC1: II FORO DE INNOVACIÓN E EMPRENDEMENTO**

Tras unha primeira edición moi enfocada a casos de éxito de startups e exemplos de colaboración entre gran empresa e emprendedores/as, este segundo encontro busca poñer o foco na innovación aberta.





A innovación aberta resulta fundamental nunha contorna cada vez máis dinámica e competitiva, ao permitir ás organizacións superar os seus límites internos e aproveitar o coñecemento, a creatividade e a experiencia de actores externos como startups, universidades, clientes e socios estratéxicos. Neste contexto, APD quere contribuír a crear un ecosistema estable de intercambio directo entre directivos/as de empresas, investigadores/as de centros tecnolóxicos e universidades, startups e administración pública.

- Destinatarios: dirección xeral, dirección de innovación, representantes de clústeres e asociacións de emprendedores/as, aceleradoras e incubadoras de startups, emprendedores/as en xeral.
- Obxectivo de asistencia: 200 participantes presenciais.
- Localización: Santiago de Compostela.

• **AC2: II FORO DE COMPETITIVIDADE E REINDUSTRIALIZACIÓN**

Actualmente a competitividade empresarial susténtase en varias pancas crave que permiten ás organizacións diferenciarse e chegar a mercados cada vez máis complexos. Entre elas, a transformación dixital, que optimiza procesos e mellora a toma de decisións baseada en datos, o talento e a cultura organizacional, esenciais para fomentar a axilidade e a aprendizaxe permanente, ou a sustentabilidade, entendida como a capacidade de xerar crecemento económico responsable no longo prazo.

A articulación estratéxica destas pancas permite ás empresas adaptarse con maior rapidez, anticipar cambios e construír vantaxes competitivas duradeiras.

- Destinatarios: dirección xeral, dirección de innovación, representantes de clústeres e asociacións de emprendedores/as, aceleradoras e incubadoras de startups, emprendedores/as en xeral.
- Obxectivo de asistencia: 200 participantes presenciais.
- Localización: Santiago de Compostela.

• **AC3: RE_GALICIA 2026: Repensar Galicia. Redefinir o futuro.**

RE_GALICIA é un foro singular de reflexión estratéxica empresarial, deseñado para interpretar os grandes vectores de cambio global, repensar o posicionamento económico e competitivo de Galicia, activar unha conversa de alto nivel entre empresa, coñecemento e territorio, e inspirar unha axenda estratéxica compartida para os próximos 10 anos.

Non pretende ser unha xornada máis, senón un exercicio colectivo de visión, ambición e liderado empresarial.

Propósito da actividade:

- ✓ Repensar o papel de Galicia na nova orde económica, tecnolóxica e social.
- ✓ Redefinir prioridades estratéxicas cara ao horizonte 2030–2036.
- ✓ Conectar líderes empresariais, expertos e territorios nun diálogo de alto impacto.
- ✓ Activar o percorrido estratéxico que se despregará ao longo de Capacita Directivos.

- Destinatarios: directivos e profesionais de empresas galegas, responsables de entidades públicas e privadas, representantes de organizacións empresariais e persoas interesadas na planificación estratéxica do desenvolvemento de Galicia.
- Obxectivo de asistencia: 150 participantes presenciais.
- Localización: Vigo.

• **AC4: XEOGRAFÍA EMPRESARIAL: RUTA PARA O FUTURO DE GALICIA**

Ciclo de catro almozos empresariais itinerantes por diferentes localidades galegas, deseñado para fomentar o networking, compartir coñecemento estratéxico e conectar empresarios,





empresarios e líderes locais. Un percorrido por Galicia que traslada a reflexión estratéxica ao lugar onde se crea valor, conectando realidades locais cos grandes retos económicos e competitivos dos próximos 10 anos.

Propósito da actividade:

- ✓ Escoitar de forma directa ao empresariado galego.
 - ✓ Identificar retos, oportunidades e prioridades reais do territorio.
 - ✓ Conectar empresa, sector e comarca coa estratexia de país.
 - ✓ Construír unha lectura compartida da xeografía empresarial de Galicia.
 - ✓ Achegar intelixencia territorial ao conxunto de Capacita Directivos 2026.
- Selección de 4 temáticas potenciais e localizacións, entre as seguintes:
 - Industria conserveira e agroindustrial estratéxica. Transformación, eficiencia e acceso a mercados dende o tecido produtivo local (Boiro).
 - Loxística empresarial e infraestruturas competitivas. Cadeas de subministro, solo industrial e toma de decisións en contornas metropolitanas (Mos).
 - Industria exportadora e clústeres competitivos. Especialización produtiva e cooperación empresarial para competir en mercados globais (O Porriño).
 - Economía creativa e servizos de alto valor. Deseño, contidos e produción audiovisual como industria competitiva (Pontevedra).
 - Industria agroalimentaria avanzada e acceso ao mercado. Trazabilidade, calidade e posicionamento competitivo dende o interior de Galicia (Lalín).
 - Competitividade industrial e loxística interior. Custos produtivos, eficiencia e viabilidade empresarial (San Cibrao das Viñas - Polígono San Cibrao).
 - Viticultura de valor e marca territorial. Identidade produtiva, enoturismo e xeración de valor dende o territorio (Sober).
 - Cooperación empresarial transfronteriza Galicia-Portugal. Integración produtiva, mobilidade e acceso conxunto aos mercados (Tui).
 - Destinatarios: empresarios e directivos de sectores estratéxicos, emprendedores, representantes de clústeres e asociacións sectoriais, institucións locais e autonómicas.
 - Obxectivo de asistencia: 25 participantes presenciais por xornada.

• **AC5: XEOGRAFÍA EMPRESARIAL: ENCONTRO FINAL PECHE DA RUTA**

O ciclo culmina cun encontro empresarial de peche da Xeografía Empresarial, que reunirá na sede do Círculo de Empresarios de Galicia a participantes de todos os almozos, representantes empresariais e sectoriais, e axentes clave do ecosistema económico galego.

Este espazo de síntese, visión e conexión, transformará a escoita territorial en criterio estratéxico.

Propósito do encontro final:

- ✓ Compartir aprendizaxes do percorrido.
 - ✓ Conectar realidades territoriais entre si.
 - ✓ Construír un Mapa Compartido da Xeografía Empresarial Galega.
 - ✓ Identificar patróns, fortalezas e desafíos comúns.
 - ✓ Elevar as conclusións ao nivel estratéxico de Capacita Directivos.
- Destinatarios: empresarios e directivos participantes nos almozos territoriais, xunto con representantes sectoriais e axentes clave do ecosistema económico galego.
 - Obxectivo de asistencia: 100 participantes presenciais.
 - Localización: Vigo.
- **AC6: XEOESTRATEGIA E LIDERADO EMPRESARIAL**

Evento para axudar a entender como a nova orde mundial afecta ás súas decisións empresariais.





Mesas redondas:

1. O novo taboleiro xeopolítico.
 - ✓ Fragmentación global, bloques económicos, tensións comerciais.
 - ✓ Impacto en mercados, cadeas de subministración e enerxía.
 2. A empresa ante a incerteza xeoestratéxica.
 - ✓ Xestión do risco país.
 - ✓ Diversificación de mercados.
 - ✓ Liderar en escenarios volátiles.
- Destinatarios: directivos e profesionais de empresas galegas, responsables de entidades públicas e privadas, representantes de organizacións empresariais e persoas interesadas na planificación estratéxica do desenvolvemento de Galicia.
 - Obxectivo de asistencia: 100 participantes presenciais.
 - Localización: A Coruña.
- **AC7: DEFENSA, SEGURIDADE E CAPACIDADES INDUSTRIAIS**

Este evento ten como obxectivo conectar defensa, industria e liderado empresarial no novo contexto estratéxico, analizando como o escenario actual de seguridade e autonomía estratéxica impacta na empresa, a industria e a toma de decisións directivas.

Mesas redondas:

1. Seguridade e defensa no novo contexto global. Riscos, prioridades e cambios estruturais.
 - ✓ Novo concepto de seguridade: defensa, ciberseguridade, infraestruturas críticas.
 - ✓ Autonomía estratéxica europea.
 - ✓ Impacto do contexto internacional na empresa.
 2. Industria, competitividade e liderado empresarial. Capacidades, talento e oportunidades estratéxicas.
 - ✓ Industria de defensa e tecnoloxías duais.
 - ✓ Oportunidades para empresas e peme.
 - ✓ Talento e capacidades tecnolóxicas.
- Destinatarios: directivos e profesionais de empresas galegas, responsables de entidades públicas e privadas, representantes de organizacións empresariais e persoas interesadas na planificación estratéxica do desenvolvemento de Galicia.
 - Obxectivo de asistencia: 80 participantes presenciais.
 - Localización: Ferrol.
- **AC8: TRANSICIÓN ECOLÓXICA COMO RETO ESTRATÉXICO**

Analizar como a transición ecolóxica está a redefinir a estratexia empresarial e a relación co territorio, e como convertela nunha panca de competitividade e futuro.

Conferencia de apertura:

- ✓ Empresa, territorio e sustentabilidade, visión estratéxica desde a empresa.
- ✓ Industria e empresa en mundo rural.
- ✓ Transición ecolóxica como panca de desenvolvemento territorial.
- ✓ Novos modelos de negocio sostible.

Mesa redonda:

- Regulación ambiental e financiamento verde. Decisións crave para a empresa.
- ✓ Marco regulatorio e presión normativa.
 - ✓ Impacto real en custos, investimento.
 - ✓ Riscos de non adaptarse vs oportunidades estratéxicas.





- Destinatarios: profesionais da agroindustria, cooperativas, produtores, responsables de sustentabilidade e transformación dixital no sector.
- Obxectivo de asistencia: 80 participantes presenciais.
- Localización: Lugo.

• **AC9: ESCUELA GALLEGA DE CONSEJEROS**

Organización da 3ª edición do curso Escuela Gallega de Consejeros, para solucionar os principais problemas formativos cos que se atopan os directivos da empresas familiares, centrarse nas responsabilidades dos administradores, a incorporación de familiares sen formación aos consellos, a sucesión na empresa familiar e alternativas para conseguir músculo financeiro.

- Destinatarios: conselleiros e administradores das empresas galegas.
- Obxectivo de asistencia: 25 participantes.
- Localización: Santiago.

A cantidade de eventos e o número de asistentes que se indican son os valores para considerar unha execución completa do convenio.

Para os efectos do cumprimento dos obxectivos de asistencia establecidos para cada actuación, o indicador de referencia será o número de asistentes presenciais. A participación en liña poderá rexistrarse e documentarse para fins de seguimento e difusión do programa, pero non computará para o cumprimento dos obxectivos mínimos de asistencia, salvo acordo expreso da Comisión de Seguimento.

• **CAPACITA DIRECTIVOS WEB-TV**

CAPACITA DIRECTIVOS WEB-TV 2026 representa a evolución natural do programa cara a un modelo que transcende os eventos e consolídase como unha plataforma permanente de pensamento empresarial en Galicia. Non é só unha canle dixital, senón a proxección pública do programa: o seu espazo de criterio, análise e opinión construtiva, ao servizo do tecido empresarial galego.

Eixos inseparables:

- Canle dixital de contidos estratéxicos, accesible e permanente.
- Marco vivo de análise, reflexión e síntese, que converte o diálogo en coñecemento útil.

CAPACITA DIRECTIVOS WEB-TV 2026 actúa como altofalante, memoria e motor intelectual do programa, antes, durante e despois de cada actividade.

É un espazo vivo onde se aloxan, actualizan e dinamizan as conversas estratéxicas tratadas nos diferentes encontros do programa 'Capacita Directivos'.

CAPACITA DIRECTIVOS WEB-TV constituirá unha plataforma dixital de difusión permanente dos contidos xerados no marco do programa. Os materiais audiovisuais producidos (gravacións, entrevistas, relatorios e documentación asociada) serán de uso compartido polas partes asinantes, podendo o Igape empregalos con fins institucionais e de promoción empresarial, sen explotación comercial. As entidades organizadoras garantirán a obtención das autorizacións necesarias das persoas participantes para a gravación e difusión da súa imaxe e intervencións, conforme á normativa de protección de datos e propiedade intelectual. O Igape poderá conservar e reutilizar estes contidos con carácter indefinido como parte da memoria e difusión pública do programa.

As partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, modificar o formato das actuacións ou dividir/concentrar algunha, sempre que se manteñan os obxectivos de participación globais. En todo caso, estas actividades adicionais deberán ser aprobadas expresamente pola Comisión de Seguimento e non poderán supor incremento da achega máxima do Igape nin superar o límite económico global establecido no presente convenio.





Para os efectos deste convenio, poderase computar como asistente válido a calquera persoa que participe nun evento organizado ao abeiro deste convenio e que cumpra as seguintes condicións:

- Ser un profesional ou directivo pertencente a unha empresa, entidade ou organización externa ás entidades organizadoras do evento.
- Rexistrarse no evento mediante os medios habilitados pola organización.

Non se considerarán asistentes para o cumprimento dos obxectivos de participación:

- Os relatores ou poñentes do evento.
- Os membros das entidades organizadoras (APD, CÍRCULO, NORDÉS, CFS e Igape).
- O persoal técnico ou de apoio ao evento, incluíndo pero non limitándose a: técnicos de son, iluminación, fotografía, persoal de produción, azafatas ou persoal de coordinación.

A organización deberá dispor dun mecanismo de control que permita verificar a asistencia real dos participantes, podendo utilizarse para iso rexistros dixitais, sinatura presencial ou calquera outro método consensuado coa Comisión de Seguimento do convenio.

Os listados de asistentes deberán incluír, cando menos, nome e apelidos, entidade ou empresa de pertenza e cargo ou perfil profesional, coa finalidade de acreditar a súa condición de participante externo. No caso de participación en modalidade en liña, deberá quedar rexistrado o tempo efectivo de conexión, considerándose asistente válido quen permaneza conectado un mínimo do 50% da duración do evento.

TERCEIRA.- GASTOS ATENDIBLES

Considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1.- Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 13 de novembro de 2026.

2.- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Non obstante o anterior, o IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a compensación parcial ou non recuperación expresa mediante última declaración presentada do modelo 390 ou mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións e/ou a última declaración modelo 390 a data de peche da correspondente a certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido ou modelo 390.

3.- Para cada actuación de capacitación, todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000 € estarán suxeitos á aprobación do Igape.

4.- Para cada actuación de capacitación, cando o importe do gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE, APD, CÍRCULO, NORDÉS ou CFS deberán solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do





servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisárase polo menos a aprobación ex ante do Igape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación na Comisión de Seguimento do convenio.

5.- Os gastos nos que incorra APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir.

Para garantir a correcta aplicación da compatibilidade con outras fontes de financiamento e evitar a duplicidade de fondos públicos ou privados sobre os mesmos conceptos de gasto, o representante de APD, CÍRCULO, NORDÉS ou CFS, segundo sexa o caso, deberá presentar unha declaración responsable, certificando as cantidades recibidas por outros organismos nun cadro desagregado.

En ningún caso a contribución do Igape aos fins do convenio superará o 70% do gasto incorrido atendible, unha vez detraídas as devanditas cantidades.

6.- Todos os gastos externos xustificadas por APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

7.- O Igape farase cargo dun máximo dun 70% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 30% restante á aportación de APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS.

Os gastos clasificaranse en:

- a) Custos de persoal de APD, CÍRCULO, NORDÉS ou CFS.
En base a nóminas pagadas, gasto de Seguridade Social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación ao proxecto.
Admitiranse custos de persoal ata un máximo do 35% do importe total das actuacións.
- b) Desprazamentos e aloxamentos de relatores, e persoal de APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS, cando proceda.
- c) Alugueiros de espazos e medios.
- d) Gastos de publicidade e márketing dos eventos.
- e) Remuneración de poñentes.
- f) Custos de servizos prestados polas propias entidades, suxeitos a tarifas públicas e demostrables.
- g) Outros gastos externos que respondan indubitablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que non superarán o 30% dos gastos totais xustificadas.

CUARTA.- COMPROMISOS DO IGAPE

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 148.100 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.6418 para o ano 2026.

O anexo I "Memoria Económica" detalla esta contribución.

Partida	Código de proxecto	2026
09.A1.741A.6418	2016 00010	148.100 €

Tanto APD, CÍRCULO, NORDÉS como CFS carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.





- ❖ Igape comprométese a colaborar na organización e difusión dos eventos, e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula undécima sobre as propostas realizadas por APD/CÍRCULO/NORDÉS/CFS.
- ❖ No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.

QUINTA.- COMPROMISOS DE APD

- ❖ APD responsabilízase de organizar as actuacións AC1 e AC2 da cláusula segunda, de acordo coa táboa do Anexo I (memoria económica) na súa totalidade, en estreita colaboración co Igape, CÍRCULO, NORDÉS e CFS, acordando co Igape a súa programación e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no dito anexo.
- ❖ APD comprométese a propoñer ao Igape o contido dos eventos, os relatores, as datas, e calquera outro detalle de organización relevante, que o Igape deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ APD será responsable da captación de asistentes e da difusión e márketing do evento, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo de APD, CÍRCULO, NORDÉS, CFS e o do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.
- ❖ A non execución destes eventos implicará unha penalización polo importe estimado no Anexo I.
- ❖ APD será responsable de acadar os obxectivos de asistentes establecidos na cláusula segunda para estes eventos. Aceptaranse variacións de ata o 20% sobre o obxectivo de asistentes, sen que isto penalice a achega do Igape. Unha desviación negativa sobre o obxectivo de asistentes superior ao 20% implicará unha penalización na contribución do Igape pola porcentaxe de desviación rexistrado.
A penalización aplicarase de maneira individualizada sobre o importe asignado ao evento concreto no que se produza a desviación, reducindo proporcionalmente a achega do Igape en función da porcentaxe de incumprimento sobre o obxectivo mínimo de asistencia establecido.
- ❖ De acordo co establecido na cláusula segunda as partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, polo que, no seu caso, o número de asistentes a eventos que se puideran organizar a maiores dos programados teranse en conta para o cómputo do indicador, sen que incrementen o obxectivo do mesmo.
- ❖ APD procurará obter patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización dos eventos, para iso, poderá contar co respaldo do CÍRCULO, NORDÉS, CFS e do propio Igape, de xeito que se contribúa a reducir a achega prevista polo Igape ou incrementar a programación e o impacto total do programa.
- ❖ Nestes eventos ou, no seu caso, nas actividades que se organicen a maiores ao abeiro deste convenio, preverase a posible participación de representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos adscritos e do propio Igape.

SEXTA.- COMPROMISOS DE CÍRCULO

- ❖ CÍRCULO responsabilízase de organizar as actuacións AC3, AC4, AC5 e o Canal Dixital CAPACITA DIRECTIVOS WEB-TV da cláusula segunda, de acordo coa táboa do Anexo I na súa totalidade, en estreita colaboración co Igape, APD, NORDÉS e CFS, acordando co Igape a súa programación e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no dito anexo.
- ❖ CÍRCULO comprométese a propoñer ao Igape o contido dos eventos, os relatores, a/s data/s, e calquera outro detalle de organización relevante, que o Igape deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ CÍRCULO será responsable da captación de asistentes e da difusión e márketing do evento, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo do Círculo de Empresarios de Galicia, NORDÉS, APD, CFS e o do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.





- ❖ A non execución dalgún destes eventos implicará unha redución do seu custo e da aportación do Igape polo importe estimado no Anexo I.
- ❖ CÍRCULO será responsable de acadar o obxectivo de asistentes establecido na cláusula segunda. Aceptaranse variacións de ata o 20% sobre o obxectivo de asistentes, sen que isto penalice a achega do Igape. Unha desviación negativa sobre o obxectivo de asistentes superior ao 20% implicará unha penalización na contribución do Igape pola porcentaxe de desviación rexistrado.
A penalización aplicarase de maneira individualizada sobre o importe asignado ao evento concreto no que se produza a desviación, reducindo proporcionalmente a achega do Igape en función da porcentaxe de incumprimento sobre o obxectivo mínimo de asistencia establecido.
- ❖ De acordo co establecido na cláusula segunda as partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, polo que, no seu caso, o número de asistentes a eventos que se puideran organizar a maiores dos programados teranse en conta para o cómputo do indicador, sen que incrementen o obxectivo do mesmo.
- ❖ CÍRCULO procurará obter patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización dos eventos, para elo, poderá contar co respaldo de APD, NORDÉS, CFS e do propio Igape, de xeito que se contribúa a reducir a achega prevista polo Igape ou incrementar a programación e o impacto total do programa.
- ❖ Neste evento ou, no seu caso, nas actividades que se organicen a maiores ao abeiro deste convenio, preverase a posible participación de representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos adscritos e do propio Igape.

SÉTIMA.- COMPROMISOS DE NORDÉS

- ❖ NORDÉS responsabilízase de organizar as actuacións AC6, AC7 e AC8 da cláusula segunda, de acordo coa táboa do Anexo I, en estreita colaboración co Igape, APD, CÍRCULO e CFS, acordando co Igape a súa programación e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no dito anexo.
- ❖ NORDÉS comprométese a propoñer ao Igape o contido dos eventos, os relatores, a/s data/s, e calquera outro detalle de organización relevante, que o Igape deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ NORDÉS será responsable da captación de asistentes e da difusión e márketing do evento, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo do NORDÉS, APD, CÍRCULO, CFS e o do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.
- ❖ A non execución dalgún destes eventos implicará unha redución do seu custo e da aportación do Igape polo importe estimado no Anexo I.
- ❖ NORDÉS será responsable de acadar o obxectivo de asistentes establecido na cláusula segunda. Aceptaranse variacións de ata o 20% sobre o obxectivo de asistentes, sen que isto penalice a achega do Igape. Unha desviación negativa sobre o obxectivo de asistentes superior ao 20% implicará unha penalización na contribución do Igape pola porcentaxe de desviación rexistrado.
A penalización aplicarase de maneira individualizada sobre o importe asignado ao evento concreto no que se produza a desviación, reducindo proporcionalmente a achega do Igape en función da porcentaxe de incumprimento sobre o obxectivo mínimo de asistencia establecido.
- ❖ De acordo co establecido na cláusula segunda as partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, polo que, no seu caso, o número de asistentes a eventos que se puideran organizar a maiores dos programados teranse en conta para o cómputo do indicador, sen que incrementen o obxectivo do mesmo.
- ❖ NORDÉS procurará obter patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización dos eventos, para elo, poderá contar co respaldo de APD, CÍRCULO, CFS e do propio Igape, de xeito que se contribúa a reducir a achega prevista polo Igape ou incrementar a programación e o impacto total do programa.





- ❖ Neste evento ou, no seu caso, nas actividades que se organicen a maiores ao abeiro deste convenio, preverase a posible participación de representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos adscritos e do propio Igape.

OITAVA.- COMPROMISOS DE CFS

- ❖ CFS responsabilízase de organizar a actuación AC9 da cláusula segunda, de acordo coa táboa do Anexo I, en estreita colaboración co Igape, APD, CÍRCULO e NORDÉS, acordando co Igape a súa programación e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no dito anexo.
- ❖ CFS comprométese a propoñer ao Igape o contido do evento, os relatores, a/s data/s, e calquera outro detalle de organización relevante, que o Igape deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ CFS será responsable da captación de asistentes e da difusión e márketing do evento, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo da Xunta de Galicia.
- ❖ A non execución deste evento implicará a redución do seu custo e da aportación do Igape polo importe estimado no Anexo I.
- ❖ CFS procurará obter patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización do evento, para elo, poderá contar co respaldo de APD, CÍRCULO, NORDÉS, CFS e do propio Igape, de xeito que se contribúa a reducir a achega prevista polo Igape ou incrementar a programación e o impacto total do programa.
- ❖ En ningún caso CFS poderá obter beneficio económico da organización e execución desta actividade.
- ❖ Neste evento ou, no seu caso, nas actividades que se organicen a maiores ao abeiro deste convenio, preverase a posible participación de representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos adscritos e do propio Igape.

NOVENA.- PAGAMENTO DA CONTRIBUCIÓN DO IGAPE

A contribución do Igape será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos de APD, CÍRCULO, NORDÉS e outra de CFS comprensivas dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa.

A dita certificación será presentada antes do 13/11/2026, e farase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://spiga-sede.igape.es> achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación.

APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

A solicitude de pagamento estará integrada por:

- 1.- Certificación do gasto, segundo modelo do Anexo II: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.
- 2.- Memoria dos eventos realizados:
 - ❖ Datas e lugares de celebración.
 - ❖ Programa de cada evento.
 - ❖ Listado de asistentes a cada evento:
 - Listaxe de sinaturas, para os asistentes presenciais.
 - Rexistro de acceso á plataforma, no caso de asistentes on-line.
 - ❖ Documentación audiovisual: relatorios, fotografías do evento, etc.
- 3.- Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no Anexo II.





4.- Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copia dixitalizada constitúe unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída no Anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.

5.- Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 16 deste convenio APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS autorizan a realización desta consulta.

6.- Documentación xustificativa da realización e pagamento do 100% do custo das actividades realizadas:

❖ Gastos externos: xustificación dos gastos externos: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pago.

❖ Declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontractadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.

❖ Custos de persoal:

○ Antes da execución do convenio:

- APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS deberán asignar o persoal ás actividades obxecto do convenio, especificando as porcentaxes de dedicación previstas.
- Para a xustificación dos gastos, será obrigatorio manter un rexistro de horas de traballo asociadas ao proxecto, debidamente asinado tanto polo traballador/a como pola entidade.
- A imputación de custos correspondentes a persoal directivo e xerencial ou de alta dirección non poderá exceder, con carácter ordinario, do 25% da xornada mensual, salvo validación expresa pola Comisión de Seguimento.
- Na fase de xustificación, a variación das porcentaxes de dedicación non poderá superar o 30% respecto á planificación inicial, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas.

○ Na fase de xustificación:

- Certificado de dedicación emitido por APD/CÍRCULO/NORDÉS/CFS, segundo corresponda, deixando constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.
- Nóminas pagadas e xustificante do seu pago.
- Seguridade social do período que se alega: documento/s de relación nominal de traballadores e documento/s de cálculo da liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- Importes retidos do IRPF do período que se alega: modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.

❖ No caso de dietas:

○ Folla de liquidación de gasto da dieta firmada polo traballador e o responsable de autorizar o pago, na que quede acreditado a vinculación do gasto os fins deste convenio, e a xustificación do pago.





❖ Custos de servizos prestados polas propias entidades, suxeitos a tarifas públicas e demostrables: xustificación suficiente a xuízo do Igape das tarifas aplicables e informe acerca dos servizos prestados.

❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible:

○ No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou

○ Se tendo pagado o IVE, este non é parcialmente susceptible de recuperación ou compensación en base a pro rata: acreditación da compensación parcial ou non recuperación expresa mediante última declaración presentada do modelo 390 ou mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto a pro rata do IVE correspondente. As certificacións e/ou a última declaración modelo 390 a data de peche da correspondente a certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido ou modelo 390.

❖ Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 15.000€ + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas especiais características dos gastos atendibles non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

❖ Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total.

7.- Calquera outra documentación ou material que a persoa beneficiaria considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

Requisitos:

- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- Os gastos deben estar realizados antes do 13/11/2026. Non obstante o anterior, tendo en conta que é atendible o custo laboral bruto, para a xustificación da totalidade dos custos laborais realizados no último período do ano, serán tidos en conta os xustificantes de pago da Seguridade Social e ingreso do IRPF correspondentes a meses de 2026, aínda que o seu pagamento se realice, conforme a normativa reguladora, con posterioridade a esta data. Ditos xustificantes serán aportados ao Igape, á maior brevidade posible, unha vez realizados os correspondentes pagos.

O Igape abonará a APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS, segundo corresponda o 70% dos custos xustificadas.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto, de acordo co establecido na cláusula quinta, sexta e sétima e oitava de compromisos de APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS. Considerarase unha execución deficiente do convenio aquela que non acade un 50% dos obxectivos de asistencia previstos. Neste caso, resolverase o convenio e APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS deberán reintegrar, no seu caso, as cantidades xa percibidas pola execución parcial do mesmo.

APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS manterán a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral,





o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

DECIMA.- VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de decembro de 2026. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

UNDÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha Comisión de Seguimento da execución do convenio, formada por catro representantes do Igape, un representante de APD, un representante de CÍRCULO, un representante de NORDÉS e un representante de CFS, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para APD, CÍRCULO, NORDÉS ou CFS que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Exercerá tamén as funcións de aprobación dos contidos dos eventos, os poñentes, as datas, a programación de eventos a maiores, a desagregación ou concentración dos inicialmente previstos e calquera outro detalle de organización relevante, ás que se refire a cláusula quinta, sexta, sétima e oitava do convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.





DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS deberán subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

As partes asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

No caso de que se produciran resultados, tanxibles ou intanxibles, na execución das actuacións obxecto de colaboración, estas serán de uso compartido polas partes asinantes, podendo o Igape empregalos con fins institucionais e de promoción empresarial, sen explotación comercial.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participan de calquera modo na execución deste convenio.





DÉCIMO SEXTA.- RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- AUTORIZACIÓNS

APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO OITAVA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data indicada no pé de sinatura, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica (IGAPE):

Covadonga Toca Carús

Pola Asociación para el Progreso
de la Dirección (APD):

Santiago Sesto Gontán



**Pola Asociación Círculo de Empresarios
de Galicia (CÍRCULO)**

María Borrás Borreguero

**Polo Club de Empresarios
y Ejecutivos de Galicia (NORDÉS)**

Ángeles Ríos Martínez

Polo Club Financiero de Santiago (CFS)

Roberto Pereira Costa





ANEXO I: MEMORIA ECONÓMICA

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 148.100,00 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1 741A 6418.

O Igape farase cargo dun máximo dun 70% dos gastos totais das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 30% restante á aportación de APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS segundo as actividades das que cada un se fai responsable. Considéranse gastos atendibles aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio. Os gastos clasificaranse do seguinte xeito:

1. Custos de persoal de APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS, ata un máximo do 35%.
2. Desprazamentos e aloxamentos de relatores, e persoal de APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS, cando proceda.
3. Alugueiros de espazos e medios.
4. Gastos de publicidade e márketing dos eventos.
5. Remuneración de poñentes.
6. Custos de servizos prestados polas propias entidades, suxeitos a tarifas públicas e demostrables.
7. Outros gastos externos que respondan indubidamente á realización das actividades e fins do convenio e que non superarán o 30% dos gastos totais xustificadas.

O resumo dos custos estimados por tipo de actividade e participante é o seguinte:

Actuacións (cláusula 2)	Organiza	Importe IGAPE	APD	CIRCULO	NORDÉS	CFS	Total
AC1	APD	31.500,00 €	13.500,00 €				45.000,00 €
AC2	APD	18.970,00 €	8.130,00 €				27.100,00 €
AC3	CIRCULO	13.020,00 €		5.580,00 €			18.600,00 €
AC4 (4 eventos)	CIRCULO	19.180,00 €		8.220,00 €			27.400,00 €
AC5	CIRCULO	12.740,00 €		5.460,00 €			18.200,00 €
AC6	NORDES	11.200,00 €			4.800,00 €		16.000,00 €
AC7	NORDES	11.200,00 €			4.800,00 €		16.000,00 €
AC8	NORDES	11.200,00 €			4.800,00 €		16.000,00 €
AC9	CFS	11.600,00 €				4.971,00 €	16.571,00 €
WEB-TV	CIRCULO	7.490,00 €		3.210,00 €			10.700,00 €
	Total	148.100,00 €	21.630,00 €	22.470,00 €	14.400,00 €	4.971,00 €	211.571,00 €

Así, dado que o Igape achega ao convenio un 70% dos gastos xustificadas cun orzamento máximo de 148.100,00 €, o resumo das achegas ao convenio por cada participante é o seguinte:

Participante	Achega directa (30%)	Importe IGAPE (70%)	Total
APD	21.630,00 €	50.470,00 €	72.100,00 €
CIRCULO	22.470,00 €	52.430,00 €	74.900,00 €
NORDÉS	14.400,00 €	33.600,00 €	48.000,00 €
CFS	4.971,00 €	11.600,00 €	16.571,00 €
TOTAL	63.471,00 €	148.100,00 €	211.571,00 €

APD, CÍRCULO, NORDÉS e CFS carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.



ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS

		CONVENIO IGAPE-APD-CÍRCULO-NORDÉS-CFS "MELLORA DE COMPETENCIAS DIRETIVAS"						TITULAR:				
		DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO						DOCUMENTO DE PAGO				
Actuación	CONCEPTO DE GASTO	Nº	DATA	MEDIO / PROVEDOR	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL	IMPORTE GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA
TOTAL ALEGADO											TOTAL PAGADO	

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os ditos gastos reflíctense fielmente na contabilidade da empresa. Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.



- Que a seguinte conta bancaria, da cal é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación para el Progreso de la Dirección, a Asociación Círculo de Empresarios de Galicia, o Club de Empresarios y Ejecutivos de Galicia e o Club Financiero de Santiago para a execución do programa "Mellora das competencias directivas",

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros, ingresándose na seguinte conta bancaria: _____

_____, _____ de _____ de _____(Sinatura da persoa representante)

